



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN

V CONCURSO DE COMPADRES E COMADRES

BASES

Primeira.- O Concello da Pobra do Brollón convoca o **V Concurso de Compadres e Comadres**, que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido, os **xoves 13 e 20 de febreiro de 2020**.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Casa da Cultura), sendo o derradeiro día de inscrición o 12 e o 19 de febreiro respectivamente, ou ben chamando o teléfono 982-430546 en horario de 10,30 a 13,30 horas.

Terceira.- Haberá dúas convocatorias por concurso:

- Individuais
- Colectivos: Locais comerciais, Colexios e Asociacións do Concello

Cuarta.- Na convocatoria de **"Individuais"**, todos os/as compadres/comadres inscritos se concentrarán diante do Concello ás 18:30 horas, donde se procederá á calificación por parte do xurado e á posterior queima dos mesmos/as.

O rematar haberá unha chocolatada na Casa da Cultura.

Quinta.- Na convocatoria de **"Colectivos"**, os compadres e comadres inscritos colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá, o xurado visitaraos ata as dúas do mediodía.

Sexta.- Haberá dous premios por modalidade. Valorarase a orixinalidade, calidade e elaboración de cada un deles.

PREMIOS (por convocatoria):

Individuais

1º premio: 50 €

Accésit: 20 €

Colectivos

1º premio: 100 €

Accesit: 50 €

Sétima.- A entrega dos premios será o día **22 de febreiro** (Casa da Cultura), coincidindo co remate do desfile de Entroido

Oitava.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable